

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

En punto morto

20.08.2010 Xabier Quiroga asegura que ós escritores galegos a literatura lles custa "traballo, horas, cartos e saúde"

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Considérase unha persoa de interior. Para Xabier Quiroga, un bo plan consiste en sentar baixo un carballo e reflexionar, pensar, escribir. Atópase nun punto morto, como di el mesmo, xa que os seus problemas de costas lle impiden pasar moitas horas diante do ordenador, pero aínda así non lle faltan proxectos. escoita a Bruce Springsteen e a Leonard Cohen e é un afeccionado do fútbol e da lectura.

Ten algún plan para pasar este verán de pracer?

Non, realmente o que estou facendo é ler e intentar escribir. Á praia fun cando pasei alí coa familia uns dez días, pero eu prefiro retirarme ó interior baixo un carballo e ler.

Ten algún proxecto para a próxima temporada?

Proxectos sempre teño, pero ando con problemas nas costas que me impiden dedica-las horas necesarias diante do ordenador. Estou un pouquiño en punto morto. Fago unha vida intelectual no sentido de que intento escribir e estou tamén acabando unha tradución ó castelán dunha das miñas obras que aínda non saíu, nin sei se sairá.

Que lle gusta máis do verán?

Ter liberdade para a tranquilidade, para pasear, sobre todo para ler, para planificar cousas literarias, pensar e estar coa familia... O lecer, o ocio.

O verán é especial ou é unha estación coma as demais?

Coma calquera outra, o único especial é que aqueles que témo-la sorte de ter certas vacacións, o ocio, o non ter que traballar deixa moitas horas libres para realizar actividades máis intelectuais.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Preferiría a terraza, aínda que non é o que máis me satisfai. Prefiro a tranquilidade baixo un castiñeiro ou un carballo, pasear ó lado dun río...

Que foi o último que leu?

Estou rematando *El tiempo entre costuras* (María Dueñas). Tamén lin *Sol de invierno*, de Rosa Aneiros, que tiña deixado cara ó final, e tamén lin *Sete palabras*, de Suso de Toro. Todas son obras un pouco amplas, que levan o seu tempo, pero que me deixaron ben. Tamén vexo películas, escoito un pouco de música e fago deporte.

Están entre o seu repertorio os éxitos de Georgie Dann?

Por suposto que non, parece que agora hai tantas cancións do verán que xa non hai unha escollida. escoito todo o que cae por aí, Bruce Springsteen, cantigas suaves, algo de jazz, Leonard Cohen... Tamén algún grupo español

que me proporcionan as miñas fillas.

Cal é o deporte que practica?

Eu sempre fun afeccionado ó fútbol. Xogo unhas pachangas para manter un pouco o *bichiño* e máis fago carreiras polas carballeiras co meu can.

A literatura para un escritor é á vez profesión e hobby?

Para un 99,9% dos que escribimos en Galicia é un hobby que nos custa traballo, horas, cartos e saúde.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Si, sempre. Eu creo que é indispensable, non polo feito de copiar, imitar ou plaxiar, senón polo feito de estar en relación coas cousas que che interesan.

En vacacións aparecen boas ideas para vindeiros traballos?

Claro que si. A min ocórreme que a cabeza non pode parar de dar voltas, de imaxinar historias, de pensar. Se os escritores publicásemos tódalas ideas que circulan pola nosa cabeza habería máis historias e novelas que posibles lectores, dende logo.

Con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Seguramente algún personaxe da nosa historia do que che gustaría contar unha historia, unha persoa simple que tivo importancia e que non se sabe dela, grandes estadistas coma Castelao. Non el, alguén que compartise cousiñas con el: quen lle levaba unhas galletas á cama, quen escoitaba as súas reflexións... O mundo está cheo de grandes pequenos homes que teñen a súa historia.

Custa arrincar a escribir tralas vacacións?

Non. Gústame permanecer na cama tranquilamente, pero non me custa nada. Sempre me gustou ser activo.

O PERFIL

Nome: Xabier Quiroga Díaz

Lugar de nacemento: O Saviñao (Lugo)

Ano de nacemento: 1961

Obras: *Atuado na Braña* (2002), *Era por setembro* (2004), *Se buscabas un deus* (2006) e *O Cabo do mundo* (2009).

Premios: Premio Losada Diéguez 2003 por *Atuado na Braña* e Premio da Crítica de narrativa galega por *O Cabo do mundo*.

Ademais: Está licenciado en Filoloxía Galega e é profesor de lingua e literatura galega no I.E.S. Laxeiro en Lalín. Foi fundador e adestrador da Escola de Fútbol Lalín, ata que decidiu darse un descanso o mes pasado.

EL CORREO GALLEGO